

ACTIVIDADE	IDADE	HORA	DÍA	LUGAR	COTAS MENSUAIS SOCIOS ANPA	COTAS MENSUAIS NON SOCIOS ANPA
DEBUXO E PINTURA	7 a 12 anos	17:00 a 18:00	Luns	Aula	16 € (material non incluído)	19€ (material non incluído)
MUSICOTERAPIA	3 a 6 anos	17:00 a 18:00	Luns	Comedor	18€	21€
ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN	7 a 12 anos	17:00 a 18:00	Martes	Aula	23€	26€
MULTIDEPORTE	3 a 6 anos	17:00 a 18:00	Martes	Pavillón	16€	19 €
COCIÑA CREATIVA E ALIMENTACIÓN	7 a 12 anos	17:00 a 18:00	Mércores	Comedor	20€ (material incluído)	23€ (material incluído)
OBRAIDRO DE CONTOS	3 a 6 anos	17:00 a 18:00	Mércores	Comedor	18€ (material incluído)	21€(material incluído)
OBRAIDRO CREATIVO	3 a 6 anos	17:00 a 18:00	Xoves	Comedor	18 € (inclúese material básico)	21€ (inclúese material básico)
TÉCNICAS DE ESTUDIO	7 a 12 anos	17:00 a 18:00	Xoves	Aula	22 €	25 €
PLAYING ENGLISH (FANPA) (ver folleto de información)	3 a 6	17:00 a 18:00	Martes ou xoves	Aula	23€	29€
	7 a 12	18:00 a 19:00	Martes e xoves		38€	44€

INFORMACIÓN SOBRE O FUNCIONAMENTO DAS ACTIVIDADES

DATAS: De outubro de 2023 a xuño de 2024

(As actividades extraescolares réxense polo calendario escolar. Nos días que coincidan con festivos ou días non lectivos non haberá clase nin será recuperable, manténdose invariable a cota mensual ao longo do curso).

COBROS: Cobro mediante domiciliación bancaria durante a primeira quincena do mes en curso, a excepción do mes de outubro que se pasará o cobro na terceira semana.

INSCRICIÓNS EN SETEMBRO: cubrindo a folha de inscrición que se achega co calendario de actividades, incluíndo a autorización de domiciliación do cobro (NORMA SEPA) das actividades que se escollan e depositándoa na caixa de correo da ANPA, ou enviándoa a través do correo electrónico a extraescolares@anias.es. Prazo ata o día 27 de setembro.


INSCRICIÓNS DURANTE O CURSO BAIXAS OU CAMBIOS DE ACTIVIDADE: As follas de inscrición, baixa ou cambio de actividade na páxina web: www.anias.es, ou solicítala por correo electrónico, extraescolares@anias.es, entregándoa cuberta polo mesmo sistema anterior, antes do día 20 do mes anterior ao inicio da actividade. Respecto ás baixas comunicadas posteriormente a dita data non poderán ser efectivas ata o mes seguinte polo que se efectuará o cargo do pago mensual correspondente.

COTA MENSUAL: A cota establecida para as actividades extraescolares do curso 2023-24 e a que figura no cadro para cada actividade, cun mínimo de 8 participantes e un máximo de 15.



INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE O INICIO DAS ACTIVIDADES:

A EMPRESA SOAMENTE AVISARÁ ÁS FAMILIAS ANOTADAS EN ACTIVIDADES QUE SE CANCELEN POR NON CHEGAR AO MÍNIMO DE INSCRICIÓNS. NO RESTO DOS CASOS NON SE COMUNICARÁ O INICIO DE CADA ACTIVIDADE, ENTENDENDO QUE DARÁN COMEZO NO MES DE OUTUBRO NOS DIAS, HORARIOS E LUGARES INDICADOS NO CALENDARIO.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
<p>DEBUXO E PINTURA</p> <p>A actividade está orientado a que os/as nenos/as poidan aprender a utilizar diferentes materiais e distintas técnicas de debuxo e de pintura, brindando un maior coñecemento da linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo, etc.) de maneira experimental e creativa. E ao mesmo tempo, desenvolverán a súa creatividade e os seus gustos e perfís artísticos.</p>	<p>ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN</p> <p>Esta é unha proposta enfocada na área de programación para nenos/as cunha metodoloxía baseada en proxectos, utilizando ferramentas e plataformas como SCRATCH, MBLOCK, KODABLE, abarcando tamén a área de electrónica con ARDUINO e deseño con LEGO 3D e BLOCKS CAD 3D. Aprenderán conceptos básicos de programación e comezarán a relacionarse coa tecnoloxía de forma creativa, cambiando o seu habitual rol de “consumidor” para transformalos en “creadores” de seus propios videoxogos, animacións e historias interactivas.</p>	<p>COCIÑA CREATIVA E ALIMENTACIÓN</p> <p>Esta actividade incorpora aos nenos e nenas ao mundo da cociña e a alimentación saudables. Fomentando a cociña nos cativos/as como unha actividade prazenteira e divertida na que poden participar. A través da experimentación con diferentes alimentos e elaboracións e facendo uso dos cinco sentidos, os/as nenos/as converteranse nuns/nunhas auténticos/as chefs.</p>	<p>OBRADOIRO CREATIVO</p> <p>Este obradoiro está deseñado para que os/as nenos/as teñan a oportunidade de desenvolver a súa capacidade creativa e habilidades manuais a través de diferentes materiais e técnicas plásticas (pintura, modelado, deseño gráfico, creacións e decoracións tridimensionais, papiroflexia...)</p>
<p>MUSICOTERAPIA</p> <p>Esta actividade contribúe ao desenvolvemento global do nenos/a. A través de bailes, cancións, xogos, contos musicais e a interpretación con voz e con instrumentos de percusión desenvolveremos as capacidades de atención, concentración, expresión corporal e ritmo dunha forma creativa e divertida</p>	<p>MULTIDEPORTE</p> <p>Esta actividade ofrece aos/ás participantes a posibilidade de practicar de forma divertida diferentes disciplinas deportivas que lles permiten desenvolver progresivamente as súas destrezas e habilidades físicas. Ademais da práctica de desprazamentos, lanzamentos, recepcións, actividade tamén fomenta o traballo en equipo e a adquisición da competencia social.</p>	<p>OBRADOIRO DE CONTOS</p> <p>A través dos contos promovemos o hábito lector e son unha ferramenta perfecta para o desenvolvemento da linguaxe oral e a expresión corporal a través do xogo dramático. Ademais son un excelente transmisor de cultura e de fomento de valores.</p>	<p>TÉCNICAS DE ESTUDIO</p> <p>Nesta actividade daranse a coñecer os métodos mais efectivos de organización das tarefas escolares e do estudo.</p> <p>Esta actividade é eminentemente práctica onde, ademais das explicacións por parte do/a educador/a, traballaranse sobre lecturas e exercicios para que os rapaces e rapazas interioricen o explicado e o poñan en práctica.</p>
<p>INFORMACIÓN ANIAS:</p> <p>Oficina: Rúa Echegaray nº 39 baixo, Pontevedra. Horario de mañá: 9:30 a 14:00 h. Teléfonos:Oficina 986 864 598 / Coordinación 685 535 202 (Coki) -649 34 64 57 (Ana)</p> <p>Correo electrónico: extraescolares@anias.es www.anias.es</p>			
			

PLAYING ENGLISH

Inglés Extraescolar

Curso
2023-24



FOLLA DE INSCRICIÓN

Debido á limitación de prazas nos centros pregamos nos indiquen a orde de preferencia marcando do 1 ao 5

- CEIP CAMPOLONGO CEIP ÁLVAREZ LIMESÉS CEIP CABANAS
 CEIP FROEBEL CEIP VILLAVERDE



NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A

DATA NACEMENTO: _____

TELÉFONO: _____ email: _____

SOCIO/A DA ANPA DO COLEXIO: SI NON

RECOLLIDA COMEDOR : SI NON

OBSERVACIÓNS - POÑER O HORARIO DE PREFERENCIA:
PERSONAS AUTORIZADAS A RECOLLER O/A MENOR:

Desexo me cursen os recibos pola conta que poño a continuación.
ENTENDO QUE NOS PRÓXIMOS DÍAS NOTIFICAREI ESTE FEITO Á MIÑA SUCURSAL BANCARIA

Titular da conta: _____ DNI: _____

IBAN:

De conformidade co que establece a Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da Federación Provincial de ANPA de Pontevedra, coa finalidade de tramitar e xestionar as actividades e de atender os compromisos derivados da relación que mantemos con vostede e o seu fillo/a. Pode exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante un escrito ao enderezo: Alfonso XIII, 7, 3º, 36002 PONTEVEDRA.

Mentres non nos comunique o contrario, entendemos que os seus datos e os do seu fillo/a non serán modificados e que se comprometemos a notificarmos calquera variación. Asemade que temos o seu consentimento para ceder os seus datos a Ana Mª Carbala Martínez, NIF 35307943E encargada de impartir o Playing English para a finalidade de xestionar e impartir as actividades formativas. Ao mesmo, informamos da cesión do nome, apelidos e correo electrónico á Concellería de Educación do Concello de Pontevedra.

A partir da sinatura do presente formulario vostede autoriza expresamente o tratamento dos seus datos de carácter persoal e os do seu fillo/a para a finalidade especificada por parte de FANPA-PONTEVEDRA.



Clases e funcionamento

- As clases serán a partir dos 3 anos.
- As clases son impartidas con dinámica de conversa, buscando un camiño natural á aprendizaxe do idioma, sen traducións e sen tarefas para casa co fin de non recargar os actuais estudos dos alumnos/as.
- A partir dos 7 anos os/as alumnos/as poderanse presentar ao exame internacional do LONDON TRINITY COLLEGE.
- Con este propósito, os/as alumnos contarán cun libro para a preparación dos exames internacionais. Terá un custo de 30€ e serán informados da súa compra unha vez que os alumnos/as estean adecuadamente situados no nivel correspondente.
- Contamos con profesorado especializado, asesorado e supervisado pola persoa responsable do proxecto lingüístico.
- Os pais, nais ou titores recibirán boletíns trimestrais cos resultados acadados polo/a alumno/a.

Inscricións

A inscrición poderá realizarse a través do correo electrónico playingenglish@anias.es ou na web www.anias.es

Para calquer dúbida ou cuestión poden porse en contacto nos teléfonos: **986 86 45 98 / 685 53 52 02 / 649 34 64 57** ou **611 00 48 77**

Prezo e forma de pago

A **cota mensual** é a seguinte:

Por 4 horas (soamente alumnado de 4º e 5º de educación infantil):

- 23 € para os/as socios/as de ANPAs pertencentes á FANPA PONTEVEDRA
- 29 € para os/as non socios/as

Por 8 horas (para alumnado de 6º de educación infantil e primaria):

- 38 € para os/as socios/as de ANPAs pertencentes á FANPA PONTEVEDRA
- 44 € para os/as non socios/as

Os recibos cargaranse na primeira semana de cada mes. As baixas deben solicitarse con 15 días de antelación á emisión do recibo.

Calendario e horarios

A duración do curso será de outubro a xuño, coincidindo co calendario escolar do centro, habendo clase todas as semanas salvo que coincida con días festivos ou non lectivos.

Os horarios establecidos son os seguintes:

COLEXIO E GRUPO	HORARIOS
CEIP CAMPOLONGO Infantil e Primaria	LUNS E MÉRCORES 16:30 - 17:30h 17:30 - 18:30h
CEIP FROEBEL Infantil e Primaria	LUNS E MÉRCORES 16:30 - 17:30h 17:30 - 18:30h
CEIP ÁLVAREZ LIMESES Infantil e Primaria	MARTES E XOVES 16:30 - 17:30h 17:30 - 18:30h
CEIP VILLAVERDE Infantil e Primaria	MARTES E XOVES 16:00 - 17:00h 17:00 - 18:00h
CEIP CABANAS Infantil e Primaria	MARTES E XOVES 17:00 - 18:00h 18:00 - 19:00h

Notas de interese

- Os/as socios da ANPA deberán achegar o recibo de pago.
- Se o rapaz se presentou a algún exame internacional, indíquenos o grao presentado.
- Se algún dos grupos non se puidera formar no horario establecido por falta de alumnos/as, estudaranse alternativas.